

NA CASA DA MATANZA

O Pedrón de Ouro convértese nun acto de reafirmación da galegitude

Os dous fundadores de Fuxan os Ventos galardoados reivindicaron o idioma como símbolo de identidade

T. Montero | 25/5/2009

O carro cantou na Casa da Matanza a pesar de que ameazou a chuvia. O Pedrón de Ouro que cada ano se entrega na que fora residencia de Rosalía de Castro foi nesta ocasión para Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias, Mini e Mero, fundadores de Fuxan os Ventos -banda na que permaneceron durante un decenio- e da Quenlla, coa que xa levan unha decena de discos editados. Ambos aproveitaron o acto para reivindicar a lingua e maila identidade galega.

«Nin un paso atrás, nin para coller impulso», sentenciou Mini, quen asegurou que está a haber un «ataque á liña de flotación da identidade do noso país» e non entende «que pode haber detrás». Tamén os discursos pronunciados tanto polo presidente do Pedrón, Manuel Caamaño, como polo mantedor David Otero, e máis o presentador do acto, Xosé Ramón Fandiño, coincidiron cos galardoados en facer fincapé «no que somos e no que queremos ser», tal e como salientou Mero.

Acompañados de intelectuais galegos como o escritor Xosé Neira Vilas, Xesús Alonso Montero ou Xosé Manuel Beiras, ademais do director xeral de Promoción e Difusión Cultural, Francisco López-Barxas, finalmente Mini e Mero interpretaron temas como Alén dos seus recordos, do disco A casa que nunca tivemos ou un romance de cego. A entrega deste galardón pretende salientar o labor de figuras ou entidades que teñan contribuído á defensa e promoción da cultura galega. No caso de Mini e Mero, o Pedrón de Ouro gaba a súa traxectoria como músicos e máis o traballo que levan realizando dende 1972 arredor da tradición oral, tentando que a súa transmisión continúe. Mini e Mero teñen gravado milleiros de cintas magnetofónicas que o Museo do Pobo Galego está a dixitalizar para que pasen a formar parte do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade.

Pola súa banda, o Pedrón de Honra, que recoñece o labor daqueles que espallan a cultura galega polo resto do mundo, recaeu na profesora da Universidade de Bucarest Mariana Ploae-Hanganu, que lembrou no seu discurso a súa traxectoria de achegamento á lingua galega, xa que nun comezo ela estaba especializada en lingua portuguesa.

Na década dos noventa, esta profesora universitaria dedicou os seus esforzos a a traducir a prosa de Castelao e Xosé Luís Méndez Ferrín, ademais da poesía de Celso Emilio Ferreiro e Álvaro Cunqueiro. Nos últimos anos, traballou na tradución da prosa literaria de Castelo ao romanés. O volume contra cunha introdución titulada Castelao, un home, unha obra, unha época.



Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias recollen o premio

| PACO RODRÍGUEZ